



Jesús Vázquez, Zulueta de Haz, Roberto Varela, Barreiro Fernández, López Orozco, Núñez Feijóo, Villares, Casal, Aníbal Piñeiro e Monteagudo. PEPE ALVÉZ

O «campesiño ilustrado» que foi Ramón Piñeiro regresa a Lugo nunha exposición retrospectiva

► As principais autoridades políticas e culturais de Galicia respaldaron onte a súa inauguración no 'Uxío Novoneyra'

MARTA VEIGA

LUGO. As máis sobranceiras autoridades políticas e culturais do país, encabezadas polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, respaldaron onte en Lugo a apertura da exposición 'Ramón Piñeiro. Olladas no futuro', sobre o «campesiño ilustrado», en palabras de Ramón Villares, a quen se dedica este ano o Día das Letras.

O director da editorial Galaxia, Víctor Freixanes, actuou como mestre de cerimonia nun acto moi concorrido na sala de exposicións do Centro Uxío Novoneyra no que tivo protagonismo a familia de Piñeiro, encarnada no seu único irmán vivo, Aníbal Piñeiro.

«Quixera poder falar moito, pero as circunstancias fixeron que botase moi pouco tempo co meu irmán e que non poida contar historias», recoñeceu Aníbal Piñeiro antes de dar as grazas aos organizadores e aos asistentes á apertura da mostra.

O encargado de pechar o turno de palabra foi Núñez Feijóo, quen se recoñeceu «fillo» de Piñeiro, a quen comparou «máis ca con Sócrates» co Rei Arturo e o Mago Merlín, porque foi, dixo, «un líder atípico, nin mestre nin doutrinario». Ao tempo, o presidente da Xunta atribuíulle a Piñeiro o ter moldeado «a nacionalidade do país» e ter acadado unha síntese

«de galeguismo e democracia nun tempo no que non sempre ían da man ambas as cousas».

Con estas premisas, Feijóo defendeu un «galeguismo cordial e cosmopolita, non illado», coma o do primeiro director literario de Galaxia quen, para o presidente da Xunta foi «unha arma cargada de cultura na longa noite de pedra». Así, o xefe do Executivo galego asegurou sentirse «un máis da mesa camilla» e sentenciou que o seu Goberno estará inspirado «polo compromiso galeguista de Piñeiro».

Antes ca Feijóo, glosou a Piñeiro un dos comisarios da mostra, Henrique Monteagudo, quen

falou dun Piñeiro «galego de nación, español por historia e de cultura europea» e que, malia a súa controversia «foi exemplo pola súa honestidade, un ser marabilloso e un cidadán exemplar».

Parafraseando a Ánxel Fole, o vicepresidente de Galaxia, Benxamín Casal, dixo que Piñeiro «fixo conciencia da conciencia de Galicia» e apuntou que a mostra ten coma obxectivo explicar o que é Piñeiro, «pero non mitificalo». Asemade, Casal apelou a Piñeiro para incidir en que a lingua galega «é a maior creación cultural do país» e para reclamar das instancias políticas que se continúe o legado do filósofo do val do Neira

para acometer «a reforma do Estatuto, a protección do galego e a ordenación do territorio».

SOCIALIZACIÓN. Dous historiadores, os presidentes da Real Academia Galega (RAC), Xosé Ramón Barreiro Fernández, e do Consello da Cultura Galega (CCG), Ramón Villares, referiron a importancia de Lugo na traxectoria vital do lancares. «Aquí foi a súa socialización política, coas Mocidades Galeguistas, e viviu un dos momentos máis perigosos, ao ser detido o 20 de xullo de 1936 por defender a legalidade. Salvou a vida por un pequeno milagre», apuntou Villares.

Pola súa banda, Barreiro avanzou que a RAC está a organizar un congreso de cara ao outono, «que está pensado para debater e non para sacralizar a Piñeiro». Tamén tivo —tres días despois de que a RAC afirmase que a Xunta desprotexe o galego— palabras de agradecemento para Feijóo «porque acolleu de maneira satisfactoria as nosas invitacións».

O vicepresidente da Fundación Penzol, Alfonso Zulueta de Haz, situou a Piñeiro ao carón dos seus coetáneos Fermín Penzol, Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa Couto, que xunta o de Lánca-rapularon a Xeración Galaxia. «Combatía a propaganda contra

Unha cita exitosa en vésperas do Día das Letras

O Centro Uxío Novoneyra de Lugo acumulou onte a meirande concentración de autoridades do país. A comitiva autonómica, encabezada por Feijóo, contou tamén cos titulares de Cultura e Educación, Roberto Varela e Jesús Vázquez, respectivamente, e co secretario da mesa do Parlamento, José Manuel Balseiro. Tamén participaron autoridades

locais e provinciais, coma o alcalde de Lugo, José López Orozco; a delegada da Xunta, Raquel Arias; o voceiro 'popular' na Deputación, José Manuel Barreiro, e o deputado e alcalde de Castro de Rei, Juan José Díaz Valiño, en representación do Goberno provincial. Ademais, concelleiros dos grupos socialista e popular asistiron á cita, onde non faltaron familiares e amigos de Piñeiro, así como veciños de Lugo.

Itinerante

A mostra 'Ramón Piñeiro. Olladas de futuro', organizada por Galaxia, o

Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, a Fundación Penzol e a Xunta estará dous meses no 'Uxío Novoneyra' e logo percorrerá A Coruña, Vigo e Santiago.

Os lentes

A retrospectiva inclúe paneis informativos e efectos persoais do galeguista, coma os seus característicos lentes, pelouros, marcapáxinas e ata un puñal prateado.

A Cruz de Sant Jordi, a Medalla Castelao ou unha máquina de escribir Olivetti Pluma 22, «que lle regalaban en EE.UU e tivo ata o

final», explicou unha sobriña, son outros dos obxectos exhibidos, moitos doados pola familia.

Nunha estancia que recrea a mítica mesa de braseiro —a auténtica da casa compostelá de Xelmírez 15 está na sede viguesa da Fundación Penzol— expóñense referencias hemerográficas, tiradas de xornais coma El Progreso ou La Noche.

As papeletas electorais nas que se lle puido votar coma senador ou parlamentario galego, retratos seus feitos por Bastif —no cárcere de Yserías—, Siro ou Luís Seoane tamén están na exposición.



a desgaleguización do país», concluíu Zulueta de Ramón Piñeiro.

Tamén interviú o alcalde de Lugo, José López Orozco, agradecido polo feito de que a cidade «que quixo a Ramón Piñeiro» acolla por vez primeira a exposición inaugurada onte. Orozco incidiu en que o galeguismo non é «patrimonio exclusivo duns poucos, senón que depende de todos» e engadiu que, no plano político, está seguro de que Núñez Feijóo «vai cumprir a responsabilidade de acadar que os galegos presumamos da nosa lingua». Sobre este aspecto, reivindicou o recente manifesto da RAG, feito —manifestou— atendendo ao «espírito de Piñeiro».

Xa fóra do protocolo do acto, o recién designado secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, foi un protagonista ausente. Feijóo entende que é «unha valentía» apostar por un independente para buscar, «desde a independencia, o consenso lingüístico», mentres que o presidente da RAG sostivo que, con Lorenzo, «o galego non o pasará mal».

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta

■ Máis ca con Sócrates, eu comparo a Piñeiro co Rei Arturo e co Mago Merlín por ser un líder atípico, non doutrinario»

José López Orozco
Alcalde de Lugo

■ O espírito de Piñeiro está detrás da recente declaración da Real Academia sobre a lingua»

A cita en imaxes



Todos con Piñeiro Multitudinaria apertura

A inauguración da mostra 'Ramón Piñeiro. Olladas no futuro' serviu coma termómetro para medir a calor que a sociedade galega e a luguesa lle amosan á figura de Ramón Piñeiro. Os familiares do lancarés acolleron onte emocionados a adhesión dos lugueses anónimos e das autoridades.